
Presentación dunha ferramenta para a investigación e xestión do Patrimonio Cultural

- Actualizado (13.09.2005)

O CESGA presentou no SIPAC (Salón Internacional do Patrimonio Cultural) unha ferramenta informática para a xestión integral do patrimonio cultural.

Trátase dunha aplicación informática que emprega técnicas GIS (Geographic Information System) e integra datos cartográficos (mapas en formato dixital) e datos alfanuméricos (bases de datos). Esta ferramenta vense aplicando en múltiples campos de xeito eficiente (como evolución de colleitas, xestión de transportes, planificación de rutas de servicios de emerxencia por mentar algunhas). O CESGA realizou unha intenso labor de avaliación e adaptación desta ferramenta para obter-las mellores prestacións no campo da investigación e xestión do patrimonio cultural en Galicia. Este labor de avaliación e adaptación xunto coas bases de datos cartográficas existentes conforman unha ferramenta que facilita e axiliza a investigación e xestión do patrimonio cultural.

Os GIS permiten introducir e actualizar información de distintas fontes, dende a tradicional documentación sobre papel arquivada en departamentos universitarios e institucións públicas ó cargo da xestión dos elementos patrimoniais ata datos de localización GPS ou imaxes tomadas por satélite.

Toda a información recollida nas bases de datos dos GIS encóntrase xeoreferenciada, isto é, cada dato ten asociadas unhas coordenadas xeográficas. Deste xeito, o sistema permite presenta-la información por capas. Así os GIS permiten actualiza-la información, realizar unha análise e xerar novos mapas de forma eficiente, sen necesidade de realizar grandes investimentos. Ademais o sistema permite superpoñer e cruza-los mapas contendo información patrimonial con outros como mapas de pendentes, mapas de risco de inundacións, mapas de planificación de trazado de estradas, mapas de planificación urbanística, mapas de uso de solos, etc. Así, os GIS son hoxe unha ferramenta fundamental para a xestión integral do patrimonio cultural.

Os medios de comunicación, investigadores, xestores e o público en xeral puideron ver unha demostración do sistema creada polo CESGA no stand da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento no SIPAC.